

# QUE ACONTECEU DESPOIS DO BIG BANG?

Charla por Víctor López Pardo  
Venres, 15 de decembro, 2023

Conferencia sobre como se formou o universo

Víctor fálanos de como comezou a formación do universo segundos despois da gran ecatombe. Para iso utiliza un apoio visual cunha presentación e diversos vídeos que nos axudan a comprender o que nos tenta explicar. Acto seguido e para que comprendamos a franxa de tempo da que estamos falando, fai unha comparación entre a lonxevidade do universo e un ano. Nese símil comprendemos como a nosa Terra fórmase xa cara finais de ano e a humanidade fórmase no último día do ano, facendo alusión ao pouco que levamos no universo.

Despois disto explícanos tamén as temperaturas ás que se formou o universo, chegando até mostrarnos como funcionan os quarks, que están unidas pola forza nuclear, e que é o plasma de quarks e gluóns, e como esta é a sustancia máis quente de todo o universo (que coñecemos). Tamén fai referencia para rematar que este plasma único fomos capaces de replicalo no CERN, en Xenebra, e tamén nos explica como funciona este gran centro de investigación.

**Palabras chave:** universo, quarks, CERN, ano.

**Palabras novas:** plasma de quarks e gluóns, IGFAE.

**Pregunta:** o plasma de quarks-gluóns pode ter algunha aplicación á vida cotiá?



Víctor López traballa e colabora no IGFAE, o centro galego de Física e Altas Enerxías, ubicado en Santiago de Compostela

**Román Rojo Campaña S4A**